

12.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE MARZO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 11/2016 DE 7 DE MARZO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 11/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 7 de marzo de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para a instalación dunha explotación de porcino na parcela preto do lugar de Casares, Goiás, Lalín, e practicar a liquidación pola Intervención municipal de data 09/03/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 6.000 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.2.- CORRECCIÓN DE ERROS–EXPTE. Nº 7908/15

Acordouse corrixir o erro do punto 2.1 – licenza de obra- do acordo contido na acta da Xunta de Goberno Local de data 01/03/2016.

3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** para venda de equipamento para instalacións gandeiras na Avda. do Empalme, 52, baixo, Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 09/03/16 por importe de 150 euros en concepto de taxa por licenza de 1ª ocupación. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

4.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para canalización de gas natural na Terceira Travesía da Ponte - Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 23/02/16 por importe de de 6,84 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE.

5.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE**, respecto da actividade de café bar en Corpiño, 5 - Losón – Lalín.

6.- INFORME PREVIO.

6.1.- Acordouse **aprobar o informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal, de data 8 de marzo de 2016**, para concesión dun caudal de auga, procedente dun manancial, no lugar de Naval, Camposancos, Lalín ,e notificar este acordo a Augas de Galicia e ao solicitante.

7.- INFORME URBANÍSTICO.

7.1.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal de data 14/03/16**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 14/03/16 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

8.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

8.1.- Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado **“SERVICIOS DE TELEFONÍA E INTERNET DO CONCELLO DE LALÍN”** tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de xaneiro de 2016 do seguinte xeito:

- **LOTE 1: SERVICIOS DE TELEFONÍA FIXA E INTERNET** á empresa **R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA** polo seguinte importe anual: 16.704,57 € máis a partida correspondente ao IVE de 3.507,96 €; e

- **LOTE 2: SERVICIOS DE TELEFONÍA MÓBIL: VOZ E DATOS** á empresa **TELFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.** polo importe anual (tarifa plana e acceso a Internet móbil): 15.793,67€ máis a partida correspondente ao IVE de 3.316,67 €.

Así mesmo acordouse notificarlle o presente acordo aos licitadores, así como aos adxudicatarios, para que procedan a asinar o correspondente contrato.

8.2.- Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado **“SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS”**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, cun **importe total de 21.780,00 €**, e un prazo de execución de 30 días hábiles.

8.3.- Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado **“SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN”**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 96.919,38€ máis a partida de 20.353,07 correspondente ao IVE, resultando un **importe total de 117.272,45€** e un prazo de execución dun (1) ano.

9.- EXPEDIENTES DE SELECCIÓN DE PERSOAL.

9.1.- Acordouse a **corrección do erro** contido nas bases de selección para a contratación dun Arquitecto municipal en réxime de funcionario interino, para o Concello de Lalín, que se aprobaron na acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2016.

9.2.- Acordouse aprobar a prórroga do contrato como recepcionista, da **traballadora laboral temporal** do CDM Lalín-Arena, ata o 31 de outubro do 2016.

9.3.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **4 auxiliares administrativos** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.4.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **5 recepcionistas** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.5.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **3 auxiliares de información turística** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.6.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **1 auxiliar socorrista** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.7.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **4 peóns de limpeza** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.8.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **3 peóns pintura** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.9.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **4 peóns de xardinería** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.10.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **1 peón soldador** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.11.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **1 peón carpinteiro** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.12.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **7 peóns**

albaneis ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.13.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de **1 condutor de tractor desbrozadora** ao abeiro do Plan de Concellos 2016 de data 9 de marzo de 2016.

9.14.- Acordouse **concederlle a un traballador municipal**, para o desenvolvemento das súas funcións como monitor-socorrista do Concello de Lalín, autorización e pagamento da matrícula do curso de especialización en diversidade funcional para profesionais do tempo libre a celebrar na Fundación María José Jove no polígono industrial de A Grela, A Coruña, entre os días 15 de febreiro de 2016 e o 17 de marzo de 2016.

10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

10.1.- Acordouse proceder á **devolución de aval** depositado na Tesourería Municipal polo importe de **1.500,00 €**, como garantía para responder do contrato de “SDG LMT CT CANGAS” e á súa cancelación.

10.2.- Acordouse proceder á **devolución de aval** depositado na Tesourería Municipal polo importe de **1,000,00 €** como garantía para responder do contrato de “SDG OUTEIRO, 35” e á súa cancelación.

10.3.- Acordouse proceder á **devolución de aval** depositado na Tesourería Municipal polo importe de **1.000,00 €**, como garantía para responder do contrato de “RBTS CASTRO VILATUXE 41-EXPT 8076/15” e á súa cancelación.

11.- FACTURAS E CONTAS.

11.- Acordouse **proceder ó abono da relación de facturas nº 00031 por un importe total de 73.762,89 €.**

12.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

12.1.- Acordouse a **concesión de postos e aprobación da alta e liquidación para o día 25 de marzo de 2016** pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica, por importe total de 8,20 Euros.

12.2.- Acordouse **declarar o dereito do persoal do Concello de Lalín**, tanto para persoal funcionario, persoal laboral, persoal temporal, fixo ou indefinido, ao desfrute do permiso retribuído mencionado cando se cumpran as 37 semanas de embarazo, ata a data do parto.

12.3.- Acordouse a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 142,22 € a aboar a Gas Natural SUR, S.D.G.

12.4.- Acordouse a baixa no **Servizo de Axuda no Fogar**, modalidade libre concorrancia, para a persoa usuaria. Así mesmo acordouse o cambio de titular no Servizo de Axuda no Fogar, modalidade libre concorrancia, para unha das persoas usuaria.

12.5.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do **servizo de Axuda no Fogar** na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de FEBREIRO de 2016, por importe total de 6.248,75 € con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal vixente. Así mesmo procedeuse a aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L. relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de febreiro do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 26.982,70 € (IVE incluído).

12.6.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do **servizo de Axuda no Fogar** na modalidade de Libre Concorrancia, correspondente ao mes de febreiro de 2016, por importe total: 927,28 € con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal vixente, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L. relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrancia, prestado durante o mes de FEBREIRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 5.122,22 € (IVE incluído).

13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

13.1.- Dáse conta do escrito remitido pola **Xunta de Galicia-Consellería de Sanidade de data 24 de febreiro de 2016**, en relación coa **Moción do Concello de Lalín relativa a dotar a Lalín dunha ambulancia medicalizada** e co que achegan informe de análise de actividade asistencial da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 no municipio de Lalín durante o conxunto do ano 2015.

13.2.- Acordouse outorgar **autorización municipal** para consultar o expediente da apertura da rúa G de Lalín no arquivo municipal.

13.3.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do Auditorio Municipal de Lalín, incluída a megafonía, para o día 3 de abril de 2016, en horario de 10:00 horas a 13:00 horas co fin de organiza-la asemblea xeral ordinaria que esta sociedade celebrará en dita xornada.

13.4.- Acordouse **conceder a renovación da tarxeta de acceso a residentes** á rúa Colón, núm. 7 de Lalín, ao solicitante por un período dun ano a contar dende a data do presente acordo.

13.5.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do local da UNED o día 1 de abril de 2016 e celebrar as “Iª Xornadas de Producción Ecolóxica nas comarcas Deza-Tabeirós e Terra de Montes.

13.6.- Acordouse **dar traslado do escrito presentado por unha Comunidade de Propietarios dun Edificio de Lalín**, no que pon en coñecemento do Concello de Lalín que a zona comunitaria está sendo ocupada de maneira sistemática e habitual por estudantes do Instituto “Laxeiro” de Lalín, situado nas inmediacións do inmovible, ocasionando numerosas molestias aos veciños do lugar xa que se dedican a fumar, timbrar nos telefonillos das vivendas, entorpecendo a entrada e saída os garaxes e comportándose en definitiva dunha maneira totalmente incívica, á Garda Civil e a Policía Local para que incrementen a vixilancia nesa zona
